TEOREMA

Ano 1968
Duración 100 min.
Dirección e guión Pier Paolo Pasolini
Fotografía Giuseppe Ruzzolini
Montaxe Nino Baragli
Música Ennio Morricone
Produción Manolo Bolognini e Franco Rossellini
Intérpretes Terence Stamp, Laura Betti, Silvana Mangano, Massimo Girotti, Anne Wiazemsky, Andrés José Cruz Soublette, Ninetto Davoli
Distribución Classic Films

Sinopse Á mansión dunha familia burguesa de Milán chega un día un telegrama que inclúe só dúas palabras: *arrivo domani*. Efectivamente, ao día seguinte aparece un mozo que se instala sen máis explicación na casa, coma un integrante máis da familia, acompañándoa nas súas actividades cotiás e espertando nela desexos que semellaban non existir. Gradualmente, o mozo seduce física e emocionalmente a cada membro da familia: asistenta, fillo, filla, nai e pai, todos acabarán mantendo algún tipo de interacción sexual co atractivo descoñecido. Todo transcorre felizmente ata que un día o hóspede debe partir...

Galardóns Nominada ao León de Ouro ao mellor director e Copa Volpi á mellor actriz (Laura Betti) no Festival de Venecia 1968. No mesmo ano, outórgaselle o premio do xurado representante da OCIC (Oficina Católica Internacional de Cine), que lle será retirado posteriormente.

PRÓXIMAS SESIÓNS DO CINECLUBE: XUÑO 2018

Martes 5 ***UN BEAU SOLEIL INTÉRIEUR***
(Claire Denis, 2017, 94 min.)

Martes 19 ***LA LOI DE LA JUNGLE***
(Antonin Peretjatko, 2016, 100 min.)

www.facebook.com/cineclubepontevedra
cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo

www.facebook.com/flopfestivalpontevedra/
www.flop.gal/

CINECLUBE PONTEVEDRA | TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra | CONCELLO DE PONTEVEDRA | FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA | AGADIC | XUNTA DE GALICIA

FLOP CINEMA #2018
29/5/2018

TEOREMA

PIER PAOLO PASOLINI

CINECLUBE PONTEVEDRA | FLOP FESTIVAL PONTEVEDRA

Teorema marcou un novo fito nas difíciles relacións que vencellaron o director italiano Pier Paolo Pasolini coa Igrexa Católica. Criticado e louvado polo seu filme *O evanxeo segundo San Mateo* (1963), no cal representaba unha concepción marxista da vida de Cristo, en *Teorema* (1968) Pasolini volveuse achegar á relixión católica dun xeito menos explícito e máis provocador. Estreada en Italia en 1968, recibiu o premio do xurado representante da Oficina Católica Internacional de Cinema (OCIC) na Mostra Internacional de Venecia (1968), así coma o rexeitamento posterior de *L'Osservatore Romano* (órgano de prensa oficial do Vaticano) ao outorgamento de dito premio. Estas idas e voltas orixinaron grandes debates dentro dos círculos católicos en torno á natureza do filme.

En 1968, cando se estreou *Teorema*, Pasolini era un director recoñecido a nivel mundial. A renovación que experimentara o cinema italiano trala Segunda Guerra Mundial, co neorrealismo e o posterior *cinema nuovo*, serviron de marco para a súa ascendente carreira. Os seus filmes anteriores, en especial aqueles que se referían ao relixioso, e os premios recibidos fixeron que o anuncio dun novo galardón por parte da OCIC non fose sorprendente. Dende 1947, a OCIC, por manter unha presenza cristiá no mundo do cine, constituíra 67 xurados nos principais festivais internacionais. Sen embargo, o debate posterior que acabou coa retirada do recoñecemento ao director italiano abriu un debate significativo no interior do universo católico.

Nunha entrevista que Anne Capelle lle realizou a Pasolini, este afirmaba que a hipótese, tese e demostración de *Teorema* estaba vencellada coa inxerencia do sagrado na vida cotiá máis que coa permanencia dos grandes mitos na vida moderna. Referíase a unha presenza indiscutible, e imposible de analizar racionalmente, que alí intentaba explicar en forma de parábola. Na súa opinión, o filme falaba dun descoñecido (Terence Stamp) moi belo, bo e diferente á familia burguesa que o recibía como hóspede. Todos o amaban e todos serían problematizados e posuídos por el no sentido absoluto do termo. Ese paso de Deus polas súas vidas deixábaos devastados. Ao preguntarlle Capelle se mostrar a Deus como amante de tres mulleres e dous homes buscaba provocar escándalo, o director italiano contestou que Deus era o escándalo, pois Cristo foi o escándalo do seu tempo e seríao hoxe tamén. O protagonista sería o mensaxeiro dun Deus despiadado que saca os mortais da súa errada seguridade. Ese Deus destruía a boa conciencia adquirida inescrupulosamente ao abeiro da cal vexetaba a burguesía.

A propia OCIC manifestou que o premio fora un erro. Retirárono e reformularon a propia constitución dos xurados que a representaban en diferentes festivais cinematográficos.

En maio do 69 publica esta declaración sobre *Teorema*, trala súa sesión anual en Luxemburgo:

> O comité directivo da OCIC, recoñecendo as diferentes interpretacións e reaccións que se fan acerca do filme *Teorema*, fai saber que lamenta que un premio da OCIC fose outorgado a este filme por un dos seus xurados.

O filme non se correspondía coa idea coa que se creara o premio, non respectaba a sensibilidade do pobo cristián e non respondía aos criterios xerais de atribución. Ademais, os valores positivos que o xurado descubrira e sinalara *no ambiente especial do Festival de Venecia de 1968* non estaban ao alcance do público habitual de cine. O comité directivo da OCIC continuou os traballos comezados había dous anos, que culminaron nunha definición e criterios de atribución máis acaídos, e en precisións que concernían á composición dos xurados e ao rol do seu presidente.

Como informaba a prensa católica da época, o cambio de postura da OCIC produciuse despois de múltiples opinións en contra do galardón outorgado. A primeira chamada de atención proviña do enviado especial de *L'Osservatore Romano* en Venecia, Claudio Sorgi:

> Aínda recoñecendo que a obra de Pasolini manifesta unha investigación e un compromiso serios, non só no plano estético, senón tamén relixioso, debo expresar netas e severas reservas á atribución do premio da OCIC a este filme. Un premio outorgado por un xurado católico ha ter dous obxectivos: expresar o seu recoñecemento ao autor e promover a súa obra en razón dos seus valores relixiosos e morais. Non semella que *Teorema* poida responder ao segundo obxectivo, xa que os elementos positivos son moi ambiguos pola incerteza ideolóxica e a insistencia posta sobre escenas eróticas. Nun vasto público, isto pode enxendrar unha confusión equívoca entre relixión, erotismo e ideoloxía marxista.

Días despois, o asunto complícase cando a policía italiana recibe a orde de secuestro do filme. A presión da comisión encargada polo episcopado italiano de xulgar os filmes logra o seu obxectivo.

Ao referirse ao premio da OCIC, Pasolini caracterizaba os seus integrantes coma católicos de esquerda ao bordo do cisma. O premio causáralle un curto pracer por mor da condena do Vaticano. O seu filme fora prohibido en Italia e quixeron destruír as copias para a exportación, baixo o pretexto de que era unha obra obscena. Para Pasolini, *Teorema* non era obscena, e o seu escándalo proviña da tese que sostiña, non do seu erotismo.

Barandiarán, L. e Padrón, J.M. (2012). Reacciones dispares: los católicos argentinos ante el film *Teorema* (1969-1970). En: Fuentes T., Santagada M. e Silva A. [Coord]. *Ensayos sobre arte, comunicacion y políticas culturales*. Tandil: Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.